

A NOSA TERRA

PERIODICO DE MODA

IDEARIUM DA IRMANDADE DA FALA NA GALIZA E NAS
COLONIAS GALEGAS D'AMÉRICA E PORTUGAL

ANO MCMXX



SUMARIO

Vai sendo hora... — RAMÓN VILLAR PONTE. — Alma, JOHAN VIQUEIRA. — Cartas Portucaleenses, ARTUR BEN-ROSH — Portugal e Galiza, A. VILLAR PONTE. — Poemas Sinxelos, CORREA CALDERÓN. — A Academia Galega e os Nacionalistas en Mondariz. — A Cantiga de María, MANOEL-ANTONIO. — Irlanda. — As novas correntes politecas d'a Galicia, ARTURO NOGUEROL BUJÁN. — Outro berro, IGNACIO RODRÍGUEZ. — As predicacions no deserto, TOMÁS GARCÉS. — ¡Sursum...!: Pío de NADAL — Libros e Revistas.

PREZOS DE SUSCRIZÓN. — NA CRUÑA, ó mes 40 cts.; FORA, trimestre 1'50 ptas. — AMÉRICA, trimestre, 2 ptas. — Custe d'un número, 15 cts. — Pagos adiantados,

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA.

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todolos días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estas ledos e traballados sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

J Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cos melhores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROBÁDEOS E CONVENCERÉDES VOS

Os viños e coñás millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fron-teira, fundada en 1734. A casa mais antiga de Xeréz.

O vermouth mais selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com' os dos cosecheiros eisportadores señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro) Casa central: Plaza da Equitativa.—MADRID.

Representante eiscrusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSE C. JUNCOSA

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA

“PATENTE-SALVAVIDAS”

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diproma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposiciós de Paris-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

Vigo - CRUÑA.

Materiales de construcción

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS — CARBÓN

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

NOVELTY

PLANCHADEIRO DE MODA

GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes—A CRUÑA, Cantón Pequeno, 12; Vigo: Praza da Constitución, 12.

Sucursaes na CRUÑA.—Estreita de San Andrés, 12; Praza de Azcárraga, 4; San Agustín, 22.

Sucursal en Vigo.—Ircio núm., 5,

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como siñal, qu'e reproduzon da marca de garantía eiqui estampada.

Recibense encárregos de fora, y-espídense por medio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárregos,

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

SUCURSAES: CRUÑA - FERROL

Redes d'algodón pra Tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro ingleses.

ACEITES mineraes e vexetaes, e surtido compreto pra maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 28. — A CRUÑA

O CAFÉ NOVO

Urzáiz II.—BAYONA.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabreccimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatoss higienicos. Especialidade en lavados de cabeza locios e fricciós de todas clases.

NOTA: N'este estabreccimento atopara o público un servicio permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías desta capital.

Fábrica mecánica de calzado

— DE —

Anxel Senra

RÚA XAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

A NOSA TERRA

BOLETÍN DECENAL

ANO IV — NÚMERO 128 — 25 SETIEMBRE - 1920

PUNTOS DE VISTA

Vai sendo hora...

Xa levamos os «bos e xenerosos» mais de tres anos de autuazón, e ainda qu'os trunfos conqueirados foron moitos e o número de prosélitos abrangido é pra encher de ledicia ainda aos mais descontentos, non por iso poden deixárese de asiñalare certos luares dentro d'aquel autuare, luares que, con un pouco de bon desexo—e iste, afortunadamente abonda—desaparecerán casi de súpito, tan axiña como nós queiramos.

O cultivo da língua propia, base e fundamento esencial de toda campaña de nazionalización d'un povo, certamente se non descuidou, dende que qu'as beneméritas Irmandades escomenzaron a sua tareia patriótica. Mais, con todo, aínda se non fixo n'ise senso todo o que era doado facere; todo aquello qu'o grado de desnacionalizazón e d'esquecemento do propio falar aconseillaba. Fixemos e facemos moito, moiísimo, pro aínda se pode facer moito mais. Istes son percisamente os momentos en qu'unha autuazón enérxica e sen lindeiros parece imponerese. Feito, como está, o desbrozamento do camiño; arredadolos oustáculos qu'entorpecían o noso labore, agora como nunca ou millor que nunca, oferéscese a ocasión d'encetal-a tareia da imposición decidida i-enérxica do idioma.

Puido chegárese até eíqui transixindo e contemporizando. Cicais a táctica do proselitismo eisí o aconsellase. Mais agora nada eisiste que tal táctica aconselle. Deslindeirados, e ben deslindeirados, como están os campos; cneecidos de todos, os «bos e xenerosos»; esgotados até o maior dos eistremos todolos procedimentos de atraición, nada hai que indique xa a comenza de seguire sendo transixentes e respeitosos; de seguire procedendo con toleranzas casi eiscesivas. Aludimos, craro está—e xa o leitor se terá decatado—ao emprego do galego en todolos autos da nosa vida; ao cultivo imprescindivel do galego nas relazóns nosas con todos aqueles, que, sendo nados na Galicia, sexan ou non amigos nosos.

E'unha cousa indubidavel, qu'a intoleranza lingüística ten de donare mais ou polo menos

tantos froitos, baixo o punto de vista do partidismo, como os que poidan donare as campañas mitinescas ou de calquer outro xeito que n'ise senso poideran facerse. Xa prescindindo das xúrdias leicións que na hestoria dos movimentos nazionalistas se amostran, a mesma razón semella indicar, como eiscelente procedimento de outenzón de boas colleitas de prosélitos, o emprego continuado, sen eisceuzóns da fala natural e única de Galicia. Porque a ninguén se lle pode tuxire, que có emprego ininterrumpido do galego, no trato que unhos e outros poidamos ter con todos aqueles compatriotas nosos—por disgraza moitos ainda—que se hachan absorvidos pola infuencia castelán, pouco a pouco, de xeito pasenxo, a voz da raza terá d'ire abrindose paso nos espíritos ateigados de preocupazóns e domeñados polos mais noxentos prejuicios, pra rematare por soare soia, impóndese como algo definitivo e determinante, que terá de facer revivir a vella parábola do fillo pródigo.

Indiscutivelmente que, si o feito aludido, do emprego obrigado da fala nas conversas con todolos compatriotas non correlixionarios, e a despeito de tere que transixire có diálogo bilíngüe, se decide e leva a remate, entón é cando poderá decirse qu'o idioma galego no seu camiñare polas vias do reconquerimento dos seus dereitos, vilmente roubados por reis e terras que mais val non lembrar, marcha a pasos axigantados, que levan en dereitura ao mais grande e ao mais scado dos seus trunfos.

Recapacitando un pouco encol da significación do que, até o d'agora, viñeron facendo casi todolos nosos, moi axiña se olla o papel desarado, vergoñoso que, inconscentemente,—¡Ouh inconsenza criminal! froito d'unha castelanizazón como houbo poucas!—se lle ven obligando a facer á nosa lingua, á vella e groriosa lingua que tivo que utilizar como instrumento mais doado, honorándose, toda a rica i-esquisita lírica peninsular dos séculos XIII e XIV. De súpito, chouta diante dos ollos da razón o aldraxe que ceibamos, si ben inconscentemente, ao non empregala de cote, en col da vella e groriosa lingüa, antano instrumento d'expresión das xentes mais cultas e mais sabidas; lingüa que, sendo alma da nosa yalma e carne e sangue do noso espírito, emporiso non sabemos poñela, polo

menos á mesma outura en que poñemos o castelán.

Falen os nosos interlocutores en castelán ou como queiran, si eisi lles peta, mais non por iso deixemos de falárelles en galego. E o menos que se pode pedire a quenes teñen o outo e honroso orgullo de titulárense cabaleiros de verbo da vella Suevia. Empreguen aqueles a fala da terra que, coa vileza e treizón axuntadas, fixo da nosa patria territorio de probes e de escravos; a fala, dura e irta como o chan en que foi nada, na que dende fai cinco séculos se nos ven aldraxando e aleumando sin tréglolas e sen lindeiros. Nós, por encol de todo e amostrando que non en van somos hoxe os únicos herdeiros d'aquela aristocracia intelectual, que honorando a Galicia honorou a Iberia durante os gloriosos séculos mais enriba citados, empreguemos de cote o galego. Faguéndos eisi, as xentes decatáranse da forteza das nosas conviccións e findarán por comprender que soio un ideial puro, sagro e outo cal o noso e capaz d'impôr decisións tan resoltas e terminantes cal a nosa. E, como a través de todolos tempos, o millor predicador foi Frai Enxempro, tal siñore ten que donárenos escelentes froitos, findando por rematal-a obra a forza esmagante da realidade...

Pra facere posivel e ateigada de vitalidade a ideia eisposta nas liñas denantecedentes, sería perciso facere como unha liga, algo eisi como unha *subirmandade* de individuos que se han chasen dispostos a levala a feliz termo. ¿Hainos dispostos a elo? ¿Somos nós soios os que de tal xeito pensamos? ¿Eisisten individuos dispostos a choutaren por encol de todolos convenzonalismos e de todolos imposizóns do castelanismo ridicolo e vergoñoso das nosas erases meia e aristocrática? Pois a demostraloo. O movemento se demostra andando e a hora de facelo xa vai sendo.

RAMÓN VILLAR PONTE.

OUSERVAZÓN:

Unhas liñas ao autore do artigo servirán pra formal-o censo dos intransixentes e decididos a todo.

 ALMA

I

Din todos: «Que Galiza viva a sua vida. Mais como ha de vivir sen propria alma? O primeiro é a sua alma, vontade de existir, direitiva vital! O primeiro é se erguer c'unha arela que surda do fondal do espírito!»

II

Quen nega que os galegos teñamos unha alma colectiva? Ningún sinceiro! Ela é cristaiña

nun bretemoso tirismo. Durme! Temos que esperial-a. Cada un no seu curso ollando do novo e outra vez para o seu mellor Eu. Mais tamén, yó que mora en todos nós, nas eshaltaciós populares.

III

Os grandes serán aqués que saibam andar a procura da sua e nosa alma, os que non deixen morrer a divina mugica, a mugica que pode ser ruiben no esplendor cósmico. Os grandes serán os que saibam juntar os corazóns nun acugulado amore da patria, os que atopen a maga verba da irmandade.

IV

Probes os que se contentasen co'o de fora c'oa feitura externa e non vaian aien da morte. Pra eles Galiza será un cadávre que nas suas maus ficará irta!

JOHAN VIQUEIRA.



BETANZOS

Cartas Portucalenses

GALIZA, NOSA IRMÃ

Por terras de além Minho sopra uma aragem de liberdade, que eria em todos os corações galegos a ancla da independencia da sua terra e do restabelecimento oficial da velha lingua em que cantaran e parolaran os melhores trovadores peninsulares.

E todos estes nacionalistas galegos volvem os olhos para a cao rúa vizinha e irmã ao manifestarem todos os seus anceios.

«En Portugal i-en Catalunha é onde buscamos fraternidade» proclaman numa das suas revistas A NOSA TERRA, que, como todos os xornais nacionalistas, é escrito na lingua galaica.

Na Catalunha apoiam-se porque a desventura os une e iguala mas para com Portugal otros sao os laços. A raça e a lingua sao os éllos fortes da cadeia que une os povos de áquem e de além

Minho. Quanto ao idioma escutemos o que diz o nacionalista gallego nun artigo *A Doce Fala*: «En Galicia falase muito mais galego que castelán, é unha lingua que non é mais que unha simple derivación da nosa, a portuguesa, impresa nos milhons de habitantes do Brasil, nas posessões portuguesas de África e Asia».

Mas, deixando a parte da linguagem, que todos sabem ter mais afinidades com uma outra ao país difere tanto que com a castelhana, vou tratar do inicio dessa velha aspiración galega de se libertar do dominio dos povos de Castela.

...Vemos no tempo de Fruela, filho de Afonso I, genro de Pelagio, que pela primeira vez a Galiza se revolta contra o domínio do rei das Asturias, revolta que foi infeliz.

Em 886, Fruela, conde de Galiza, protegido pela nobreza dessa província, tomava o título de rei e marchava para a capital de Leao. Pouco durou a sua independencia porque Fruela foi assassinado a traicao no Paço.

Em 910 é dada autonomia a Galiza sobre a tutela de Leao, e o governador dessa província podia usar o título de rei. Pouco tempo durou esta regalia e em 967 vemos novamente rebentar ali uma revolta contra Sancho I, que apenas conseguiu a morte deste rei.

Após a morte de Fernando I vemos a Galiza pela primeira vez independente sendo Garcia o seu rei; independencia esta que terminou com a subida ao trono de Castela de Afonso VI.

Nestas revoltas tomou sempre parte o condado de Portugal, que constituido pelas regiões do Miño, Tras-os-Montes, Douro e Beira, faziam parte integrante da Galiza.

Com a chegada á península dos burgueses Raimundo e Henrique é que se separa Portugal da Galiza, sendo o governo de cada uma destas partes entregue a cada um dos primos.

Em 1111 numa revolta de condes galegos estala contra a rainha de Leao e Castela, reconhecendo como seu guia e director, o conde Henrique de Portugal.

No tempo de D. Tereza, nova reveliao em que, condes galegos dão à condesa de Portugal o titulo de rainha, chegando esta a reinar em Tui e Orense; terminando a soberania nestas regiões por um acordo feito entre esta rainha e D. Urraca, de Leao e Castela.

Afonso Henriques em 1137 invade a Galiza, e, com o apoio de alguns condes galegos, dominou uma extensa regiao além o Miño. O rei de Leao tenlo conhecimento disto avança, auxiliado pelo conde galego Fernando Joane que lhe ficou fiel, contra o português a quem oferece batalha em Cerneja. Aqui o conde de Portugal juntamente com os condes galegos, que lhe reconocen a sua soberania, derrota as tropas do rei de Leao.

Nesta batalha misturou-se o sangue de ambos Miño com o de Portugal, fôrça selada com sangue esta afinidade de raças e de linguas.

E fico hoje por aqui.

ARTUR BEN-ROSH

Do xornal de Lisboa «O Popular».

Portugal e Galiza

Leonardo Coimbra e a «Revista» do Porto.

Temos recibido un exemplar da «Revista da Facultade de Letras da Universidade do Porto», que contén os números un e dous da mesma. Trai unha adicatoria de Leonardo Coimbra, seu director, para Vicente Risco e demais irmãos da Irmandade.

O semanario é moi interesante. Védeo aquí: Apre-

sentacão.—O problema da Iducao.—O individualismo através da Literatura.—Factos e teorías históricas (sociais)—Un problema paleográfico.—Estudos de Glotología indo-europea.—O Governo do Prior do Crato.—Torrent of Portugale.—Ligeira noticia sobre os cadernos de Antonio Nobre.—Ensaios filológicos».

N'estes números da «Revista» colaboran Leonardo Coimbra, Hernani Cidade, F. Newton de Macedo, A. Mendes Correa, José Teixeira Rego, Damiao Peres, Luis Cardinz e Urbano Canuto Soares. Teñen ofrecido colaboración tamén George Dumas, Bergsón, Unamuno e outros, entr'os que ha estar, seguramente, o noso Johan V. Viqueira, Conselleiro da «Irmandade» na Cruña, profesor de Filosofia e un dos melhores psicólogos da España actual.


A «Revista» arela sel-o orgo da Facultade de Letras do Porto, pensa alargar o ámbito da sua espiritualidade, «trazendo ao seu convívio os mais profundos pensadores do mundo moderno e a brillante colaboración dos alunos da aquela académica portuguesa», honra da gorda nazon veciña, dicimos nós. E dicindo e'a i-alma cheia de dolor, ao decatármonos da pobreza d'espirito da mal chamada Universidade galega que non é mais que unha das moitas fábricas de licenciados que temos na España. E ainda soñan con iren facer ensino de algo ao Porto algúns catedráticos de Compostela!

A misión de cultura qu'están a realizar desde a «Revista» os ilustres profesores portugueses, será feita —dicen eles— «sabendo-nos membros dumha universal asociación de cultura, onde cada Patria viva com a sua propia fisionomía espiritual». Esto é, leitores, o verdadeiro nazionalismo. E quen o non entenda asin fica fora da realidade. Poriso, nosco, temos que sentir maior afeto para Portugal que para outras moitas terras da España. Que Portugal nazón independente, libre, ofrecendo ó mundo unha cultura gloriosa e amplia, feita na lingua irmá da nosa, é a única defensa e garantía do noso porvir nazional como povo que quiere ser «unha Pátria co'a sua propia fisionomía espiritualista».

Esta modesta revista «A Nosa Terra» que se honra co'a amistade do grande Teixeira de Pascoaes, co'a de «Calros Selvagen», Lopes Vieira, Lopes Nunes, e outros moitos mozos artistas e intelectuales portugueses, oxe estreita —sendo por isto para nós data ineqüente e lumiosa — o seu afeto con Leonardo Coimbra, quizais o pensador mais alto e ilustra da Península Ibérica. Eles nos fan tomar novos alentos para a luta que desde catro anos atrás vimos mantendo por-nos arredar da triste i-aldea cultura castelán até chegarmos a unha Aljubarrota galega no orde do pensamento... Queremos que o Miño, por culpa do castelaismo esténe tido desde longo tempo por coitelo escindidor do Portugal libre e da Galicia escrava i-esmorecida, sea no adiante espello de limpa lúa onde as faces do amado e a amada óllense xuntos, en eterno idilio...

E servan estas liñas escrevidas á prisa, de testimoño elocuente de canto temos agradecido ao insigne Leonardo Coimbra, xenialísimo mestre, cujas obras lémos cheios d'entusiasmo racial, a adicatoria garimosa con que nos honrou a nos enviar a «Revista» que pôremos orgullosos na nosa Biblioteca.

A. VILLAR PONTE.



POEMAS SINXELOS

Nature Morte.

Unha Venus de Milo que s'ergue baril encol d'un Diccionario antigo.

Un quiriquí que me chusga un ollo. Un quiriquí isrido, o probe.

Recendo de violetas. Teño violetas n-un botixo de leite das Navas do Marqués, decorado por un artista.

Libros con empastes de pergamiño amarelo ou de teas xaponesas.

A «Santa Biblia». O «Ramayana». O «Koran».

As «Froliñas de Santo Farruco d'Asís e dos seus Irmáns».

Platón, Homero, Skilo.

Ossian, Shakespeare, Wilde, Emerson, Rossetti, Sterne, Carlyle.

Kalidasa, Tagore.

Goethe, Shopenhauer, Schegel e Kant.

Dante, D'Annunzio, Giovanni Pascoli, Giovanni Papini.

Tolstoy, Dostoevsky, Andriew.

Rodenbach, Maeterlinck.

Hugo, Rachilde, Jules Renard, Verlaine, Leconte de Lisle, Villiers de L'Isle Adam, Mallarème, Francisco Jammes.

Eça de Queiroz, Guerra Junqueiro, Antonio Nobre, Antero de Quental, Teixeira de Pascoaes, Lópes Vieira, Correia da Oliveira.

Pondal, Rosalía de Castro, Cabanillas.

Ibsen, Kierkegaard.

Larra, Becquer, Ganivet, Maragall, Baroja, Diego Ruiz, Unamuno, Rodó, Ortega y Gasset, Xuan Ramón Jiménez, Antonio Machado, Azorín, Pérez de Ayala, Xenius, Gabriel Miró.

Postos en ringleiras, anotados e rumiados na miña soedá.

Nas paredes berran unhos manifestos futuristas i-o programa d'unha festa dadaista, e-un dibuxo xeométrico de Francisc Picabia.

Dibuxos de Xulio Antonio, Victorio Macho, Inurria, Clará, Ochoa, Juan José, etc., etc., etc. Cadros ó oleo, retratos d'unha face qu'é miña mesma, caricaturas...

Cuartillas brancas que soñan.

Unha lus eléctrica sobor d'elas.

Sobor do meu leito o Cristo de Velázquez, sanguinento i-horribel, c'a testa chea de dôr.

Acaron, o retrato de Lenin, en roxo.

E mais nada.

Eu, c'unha man na frente, parolando c'a miña alma.

O Morto que s'ergue

Baixou o trapo no derradeiro ato, namentres o público aplaudía.

Foi n-un tiatriño d'arrabal.

Os persoaxes coma moniereques falaban e abalábanse na sceca.

Despois, ó derradeiro, un home con berros enfáticos, lavou con sangue a sua deshonra.

Non vedes como s'ergue iste morto pra acoller os aplausos?

I-o drama perde a trágica emoción que tiña cand'o morto staba tendido i-estaficado longamente na sceca.

Iste morto que resucita ó finar o drama é unha cousa grotesca...

O instinto

Pasa unha femia xentil.

E nós achegámoo a ela, e dímoslle:

— Encantado! Na xoa!...

Ela sorri. Non sabe o que lle dixemos, e irá pensando: Será stranxeiro.

Porqu'eu díxeulle estas verbas garimosas na miña fala.

Hai en nos, nos homes da Galiza, un profundo instinto.

Nos instantes d'amore, d'intimidade, a nosa fala deita cos beizos com'unha auga crisiaña, inda qu'esteñamos n'un pais stranxeiro.

Tiña unha noiva — probe noiva lonxane! — qu'entendía as miñas verbas garimosas, i-era d'un povo de Castela!

Com'elas ían xuntas cos meus bicos, i-os meus agarimos, ela adiviñaba o que lle día eu...

Carnaval trágico

Pra Ignacio Rodríguez, forte d'idealidade e de rebeldía.

As máscaras qu'eu vin:

Un comparsa de coxos todos eles c'unha perna mutilada vestidos de mariñeiros, pedindo unha smola pol-as ruas, berrando o cuplé de moda acompañados d'unha banda de música do povo.

(Que laios tifia aquela canzón nos beizos d'os coxos! Que dôr n'a aquela canzón!)

Outra comparsa de coxos.

Outra comparsa de coxos.

(Trágico carnaval!)

Un frade, outro frade, tres frades... Tres frades auténticos.

Catro monxas xuntas.

(A xente se ria crendo que era unha comparsa)

Muitos homes gordos e colorados.

Muitos señoritos vestidos de señoritas.

Muitas zarrapastrosas. Unha levava un chourizo pendurado dunha caña, dicindo: «Al higui.» «Al higui.» Seguiana, dando brincos, algús pequenos fracos e fomentos.

Semana Santa

Sol.

O ceo silenzioso.

Mulleres abigarradas: Carabeles bermellos, carabeles brancos; mantelas brancas, mantelas mouras; sedas, terciopelos mouros.

Soldados abigarrados: Prumas, uniformes brancos, roxos, amarelos, azuis. Uns en calzoncillos. Outros teñen barbas.

Todolós santos e santas da corte celestial n-unha dorcesión muy longa.

O grotesco da porcesión!

Probes santos! Eu sint'o polos santos.

Ista porcesión me non conmove. Eu quixería que me conmovera com'a todolós demais.

Ten demasiado carácter de guardarropía, de scenografía, de sacristía. Non ten emoción.

Pol-o ceo silenzioso, cortando a claridade, surxe un monoplán, planeando com'unha pomba...

CORREA-CALDERÓN.

A ACADEMIA GALEGA E OS NAZIONALISTAS EN MONDARIZ

Teñen falado xa os xornaes dos solemes aitos feitos en Mondariz para recibir académicos de número da Academia Gallega, a Rey Soto e Cabanillas. A eses aitos asistiron algúns representantes autorizados das *Irmandas* e do nacionalismo galego. Despois de se recibiren académicos aquélos poetas, e de lles daren resposta ós seus notabres discursos—que axiña ofrecéronse imprentados—Marcelo Macías i Eladio Rodríguez González, orgaizouse outro aito de homenaxe a Murguía. E n'él falaron os nosos irmáns Cabanillas, Rodríguez de Vicente, Risco e Villar Ponte.

Ademais houbo festas teatraes e musicais enxebres, a cargo dos coros «Agarimos da Terra» de Mondariz e «De Ruada» d'Ourense. Tres xornadas galeguistas xúrdias, que lle temos de agradescer a Enrique Peinador. Desde aquí envímoslle a nova adhesión da nosa amistade e do noso amor a aquel galego exemplar.

Enrique Peinador—o mesmo que o irmán de seu—siguen fieles á lembranza lumiosa do vello e inequescido pai d'eles que soubo facer d'un rincunchiño meigo e ignorado unha vila moderna que serve pol-a virtude das suas augas mediciñas, d'atraición de muitas milleiras d'extranjeiros ricos á nosa Terra, todolos anos ó chegal-o vran. Numerosísimas persoas que andan pol-o mundo adiante a falaren con fonda loubanza da Galiza, ó europeo e cada día mais acretado balneario de Mondariz llo deben.

O vello Don Enrique Peinador, xa finado, foi fundador d'unha aristocracia nova, a que se fixo carne nos seus fillos e que compre gabar e señalare a tódolos bos galegos. Y-estes fillos, cultos, simpáticos, amabres, mundanos, cheios d'a amor á Terra, fan por ela, sen cansanzo nen acougo, o que non fixeron os políticos i-os ricos nados na Galiza. Arriegalos seus cartos en negocios dentro da Patria mesma, para acreceren o patrimonio enxebre, xa que os ricos, qu'esprotan riquezas no pais de seu, non son como dixera Cambó moi ben, senón depostarios transitorios da riqueza nacional común.

E os cabaleiros irmans Peinador eso fan. Mas fan inda outras cousas. Terman de teren abceso en cantos arrodéannos un amor profundo a Galicia e ás suas tradicións. E asin o Museo de Pías que coidan con agarimo inmenso; asin o coro «Agarimos da Terra» que orgaizaron para cultival-a música popular. Asin o milloramento e perfeicionamento que veñen facendo en Mondariz. Asin a sua protección para tod'o galego. Asin o renderen homenaxes a Murguía, o velliño patriario, que nada pode dare, en troques d'espangullárense en adulacións para os políticos i-os caciques.

Mondariz é unha honra da Galiza.

¿Cómo, pois, non han mereceren o noso desprezo os Lugin, Pifartos e demás Fernández e Xaimes, que tiveron verbas, xermoladas na envexa, para intentar magoar á Academia Gallega e ós Peinador con motivo dos solemes aitos que no balneario de Mondariz teñen feito?

Nos—repetimos—hemos gardar na nosa i-alma eterna gratitudade para os irmáns Peinador. Porque eles son exemplos vivos—e por moitos anos sigan sendo—de ou-
to i-esgrevio patriotismo. ¡Houbera moitos com'os Peinador na Galiza!

A CANTIGA DE MARÍA

E de noite, a festa xa debala,
Intimidante copra campesia!
Adiviña d'o sentimento meu!
Ay, que coita. Isa será María...
Mireina oxe de veras, e sorreu. (1)

(Amigo d'a cidade: Un dia sei—
que lle chamei narcóxico; xa sei,
mais engañábase: eu adoito amei.)

Á hora débel que o serán reviste
o vals tiña un doer decadentoso;
c' o desafinamento era mais triste.
Dispois, a gaita sinte en lastimoso.
(Amigo d'a cidade: Eu rexurdo
un segredo Beethoven, n'o son surdo
d'istas murgas, meirande por ausurdo.

Aturuxo d'os sátiro ruraes,
Alá, n'o fundo: risas venusinas
e descubertas. Amores brutaes
e femias inconsentes de divinas.
(Amigo da cidade: Fun esténdigo
d'as rosas de papel prostibularias.
Mais oxe eiqui topeime mais sinténdigo
e menos carantoñas paixoxarias.)

Pro, xa volve isa copra campesia;
agora canta n'o casal d'o escuro.
Que contraste! Cantigará María?

Eu vou soio co-a soia compañía
que, en soma, leva a lua pol-o muro.

MANOEL ANTONIO.

N'a aldea e n'a festa d'Agosto-1920.

HISTORIA DOS MOVIMENTOS NACIONALISTAS

IRLANDA

II

Periodo de libertade.—Revolta do 1798.—A acta de Unión do 1801.

Cando no derradeiro tercio do século XVIII, as colonias inglesas de Norte América erguéndose contra a metrópoli, os irlandeses aproveitaron a oportunidade para facerse aceptar as suas reivindicacións por Inglaterra.

O régimen imposto a Irlanda era un aldraxo. No mesmo Parlamento irlandés, onde somente tiñan asento orangistas e protestantes, formárase un movemento chamado dos intereses irlandeses (*Irish interest*). Un grande número de diputados pediu o troque das leises aldraxadoras que facían imposible a industria irlandesa que eran a causa d'unha miseria eterna. Tan dinos de grena eran os aldraxes das autoridades inglesas, que até moitos protestantes mostraban indiñación. Falando d'este régimen, escribió o historiador Burke que era unha máquina organizada para esnaquizar, empobrecer e degradar ao povo. Nós políticos ingleses existía a opinión tradicional de que unha Irlanda forte era unha amenaza para Inglaterra. E todos os seus esforzos encaminábanse para arruinar e debilitar a Irlanda.

Aproveitando as grandes dificultades que a insurrección americana creou ao Goberno inglés, os irlandeses formaron batallóns de voluntarios, que agina converteron nun verdadeiro ejército, organizado e con disciplina no que figuraban católicos e protestantes. O 15 de Febreiro de 1782 reuníuse en Dugannon unha Convención de cabezaleiros, representando un conjunto de 40.000 mil soldados. A Convención votou duas resolucións: unha proclamando a libertade da Irlanda e outra establecendo a igualdade religiosa. O Parlamento de Dublín aceptou a primeira e abateu a segunda.

Os revolucionarios seguiron exigindo a prena autonomía. Pol-a *Renunciation Act* (ley de renuncia), Inglaterra renunciou ao seu poder na Irlanda, a que somente ficaba ligada a ela pol-a coroa. Os católicos recollerón os

(1) Repara ben: o xeito de María
era unha tráxica supteria.

dereitos civís e políticos e foron abolidas as leises contra o clero e o ensino católicos.

O Parlamento inglés, na primaveira do 1782, cedeu as peticións dos voluntarios, os que formaban ja un exército de 60.000 homes, e aprobou a *Renunciation Act*.

Durante algúns anos, tuvo Irlanda unha autonomía moi amplia baixo a que progresou e prosperou. Mas Inglaterra miraba con receio aquel estado das cousas e non tardou en poñer no xogo maniobras desleaes para perturbalo.

Unha d-estas maniobras consistiu en facer aprobar pol-o Parlamento de Dublín, que seguía collido polos protestantes, novas disposicións contra os católicos, disposicións que acesaron de novo a guerra religiosa e provocaron grandes revoltas.

O Conde Fitz-William, no 1794 foi nomeado vi-rei da Irlanda. Espírito justiciero, reconocen axiña a razón das libertades irlandesas. Esto encheu de caraxe ao goberno de Londres, e ao cabo de tres meses o conde foi botado da sua misión. A mala fe e os deseios dos políticos ingleses de aldraxar e esnaquizar a Irlanda eran vistos. Comprendendo-o así, os irlandeses abandonaron a esperanza d-un arrebro constitucional coa monarquía de Xorge III e pidiron auxilio a Francia contra Inglaterra.

Os franceses enviaron-lles un exército expedicionario mandado pol-o general Hoche. Un forte temporal de mar non deixou aos franceses desembarcare onde propoñianse; tuveron que facer o desembarco en malas condicións, e despois de algúns combates foron vencidos polos ingleses. Con esto comenzou o período do *terrore orangista*, que, según o escritor inglés T. Rogers, foi tan terrible, como as matanzas da revolución francesa. Os franceses ainda mandaron unha nova expedición pouco numerosa, mandada pol-o general Humbert. Axudado este pol-a gente do campo, alcanzou ao comenzao algúns éxitos; mais despois d-unha curta loita, tuvo que capitular. Os irlandeses seguiron loitando, sin organización e á desesperada, non conseguindo outra cousa que deixárense matar.

O goberno inglés acusaba aos irlandeses por terse rebelado. Mas a verdade é que cos seus actos axudou él mesmo a fomentar a revolta. Moitos historiadores ingleses e protestantes reconocen-o. Lecky, dí: «As forzas do goberno axudaron de xeito comprobado as horribles escenas de anarquía social e política, aos odios e más aos pánicos relixiosos».

Rematada a revolta do 1798, o goberno de Pitt viu chegado o momento de sometere do todo a Irlanda. Con este obxectivo fixo votar pol-o mesmo Parlamento de Dublín, no 1800, a *Unión Act* (lei d-unión) que juntou Irlanda a Inglaterra baixo a soberanía d-un solo Parlamento.

As verbas de Gladstone sobre a *Unión Act* son famosas: «Non hai na historia transacción mais tristeira e mais vergonhosa que o establecemento da unión de 1801 entre Inglaterra e Irlanda». Así foi: pra facer votar a *Unión Act* pol-o noxento Parlamento de Dublín, foi preciso mercar o voto dos seus membros. Nas cartas do lord Cornwallis á sazón vi-rei, fálase do noxo que lle causou o comprimento das ordens do Goberno. Conservouse no histórico castelo de Dublín unha lista dos vendidos, coa indicación das cantidades, dos cárregos e títulos que se lles donou. En cartos pagouse quince centos milleiros de libras esterlinas, cantidade que se cargou enriba do presupuestu especial de Irlanda. Emporiso, n-aquel Parlamento, que por estar formado sómente de irlandeses protestantes non representaba mais d-unha ducia parte da Irlanda, houbo un centro de membros que votaron en contra da *Unión Act*. Estas vergoñas lembran unha cantiga irlandesa que comenza así:

How did they pass the Unión?

By treachery and fraud

(Cómo se aprobou a Unión?)

Pol-a traición e o roubu

Os enemigos da Irlanda tiñan feitos os seus plans. Quixeron disimular o verdadeiro objeto de unión. E dixeron que esta era precisa e que favorecía os intereses da Irlanda. Os feitos demostran o contrario. Precisamente n-os 18 anos que durou o régimen autonómico, e apesar das graves imperfeccións de este, comenzou no país un período d-actividade grande. Un empregado inglés mandado n-aquel tempo a Dublin, Cooke, escribiu que, no número de habitantes, na agricultura, na industria, e mais a riqueza, «ningun país fixo adiantos tan súpetos coa Irlanda». O mesmo Cooke, describe n-un memorandum particular «a perigosa situación da illa» ven de seis causas a segunda «a prosperidade general do país, que ten gran energía e actividad». Véxase n-estas verbas o afirmamento de que os políticos ingleses consideraban a prosperidade da Irlanda como un grande perigo para a Inglaterra.

(Seguiráse)

DA NOSA IDEOLOXÍA

As novas correntes políticas d'a Galicia

Os nacionistas galegos teñen unha ideoloxía moi desdinta d'a que llapón a barbaloeiraría d'a pruma, que sin preparanza nin comimento latriza sobre o nacionallismo galego. E así, meu vello leitor, que se ll'intresa saber o que pensan os galegos d'o século XX, debe pedire a un libreiro calquera a *Teoría do Nazonalismo Gallego* por Vicente Risco que lle descubrirá novos puntos de vista pra enxergalos probremas d'a nosa Terra.

Se os que candelamos ós nacionistas precurramos a conservanza d'o galego non é por rábea ás rexións de fala castelá, nin pol-o intrés en sustizar as vilas galegas, como asentou algún espanta-ñorante, senón porque aviscamos que a lingua nacional é o espírito y-a historia d'o povo galego, un elemento indispensábel pra despertar a conciencia dormida d'a raza y-a correloira de toda propaganda democrática.

Agora ver pitinar a intelectuais d'espírito tolleito sobre d'o emprego d'a léngua traballada pol-a nosa raza. Ecomásí, non ten nada d'estrano esa actitude, pois de unha, o emprego do castelán é moitas veces o siñal d'os «analfabetos con letras», de outra, os señoritos d'as vilas y-os desertores d'o arado, que se desafixeron d'a gala galega, quezayes por que levan en gusto non imitar o Gonzalo de Berceo que di: «Quiero fer una prosa en román paladino,—En qual suele el pueblo fablar a su vecino», pasalles c' o emprego d'o castelan o que a certas crases e profesións c' o uso d'o uniforme que ainda as distingue, ben a cotío, com' os militares y-los cregos, ben de pasada, com' os maxistrados y-los abogados, que como di un pensador: «é unha d'as formas e d'as cousas que mais adugan a mantér certos errores, e fomental-o culto d'as formas e d'as apariencias, y-a chantar na y-alma de quienes o levan unha idea moi aquivocada d'a sua persoa, unha idea de superioridade sobre dos demás coasociados».

A esa idea falsa de superioridade, que leva consigo o reverse n-as verbas que se din y-o mirar con aldraxe os que falan n-a lingua d'o povo, débese ese castelán y-ese gringo que falan os ches y-os soldados licenciados, y-o que xentes cativeiras d'espírito eslombado, n-a sua arela de alporizar a sua condición social, non parolen c' os fillos mais qu'en castelán e lles rífen cando os sinten falar en galego desíndolle: «Na Illa en gallego». No nos

OUTRO BERRO

«Sinto no peito uns afógos...»

Estou inquedo pola sorte da Raza. Irlanda, irmá d'a-ialma, lóita con rexa virilidade acesa en patriotismo.

Chegá a Galicia o resoar da epopeia, e Galicia dorme.

Somellamos os galegos un povo de fémias vellas.

Irlanda loitando pol-a independenza, non é somentes un povo que arela ser nazón; é a raza Celta posta en pé.

O Alcalde de Cork, que tan grioriosa autitude de sacrificio adoutou pol-a Patria, denantes que irlandés é celta. Seu sacrificio tería de facelo se fora nado en Galicia sempre qu'equí estalase a revolta.

A Raza erguéuse na Irlanda. Sigue, na Galicia, deitada.

¿Qué o motiva? Mentirá a Historia, cando dí que somos Celtas? ¿Ou é, que tinha escravitude de catro séculos desfixo a nosa potencialidade?

Fúxeu do mundo xeneración tras xeneración; é cada unha foinos deixando a lembranza de precursores de feitos que todos arelamos; que xugamos necesareos, mas que non dámola primeira pasada pra conqueirilos.

Adoitamos a contar cantos sómos, é n'estas contas chega a morte.

Abónde póis de contas. Somos demasiás pra escomenzar.

Que o balbordo da nosa revolta vaya darlle azos ós irmáns d'Erin.

Cada ún que morra, traerá mais homes á Causa que cantos lle procuramos todos xuntos n'un ano de mitins é artigos xornalísticos.

Que nósos fillos nos venguen, ou herden ceibe a Pátreea, pro nunca recollan de seus pais somentes papel escrito.

Irlanda tén que supór ipra todo Celta, a espranza do rexurdimento da Raza.

Cativo será o parentesco noso c'os éles, si non deixamos de ser ollós na traxedia que tén de ser alborada.

Mellor é darlle a Pátreea os froitos das nósas enerxias de xuventude que agardar a que as murche ou leve unha frebe calquera.

Un vivir curto pro útil ó Ideial escrebe unha páxina na Histórea.

D'unha longa vida adicada a coñéncias persoáis, escrébese a histórea n'unhas liñas.

Espertemos.

Xuntos os sóyos, cumpramos c'os deber de gallegos; que Galicia non se sanda con verbas fermosas.

Cada cacique que esnaquicemos é unha chaga menos que terá a Terra.

Quén non teña corazón que se queda na casa.

IGNACIO RODRÍGUEZ

Madrid. Setembro de 1920.

COLABORACIÓN CATALANA

As prediccions no deserto

As verbas de Bofill e Matas: «Parlin altres de l'Espanya gran; laborem nosaltres per la Catalunya petita», ditas o ano pasado, son o comenzo d'unha transformación esencial do nazionalismo catalán. Até agora viñase falando d'un sentimento hispanista, d'unha rexeneración d'Hespaña, posibel somentes c'o recoñecemento das nazionalidades n'ela abranguidas. Collia modifical-a estrutura do Estado hispanol, que deviría coas autonomías unha robusta confederación. Galiza libre. Euzkadi libre, Cataluña libre, eran os camiños que levaban á Hespaña grande. Os únicos camiños.

Mas as voces paternas non fono escoitadas. Toda Europa tremelou c'un tremelore vital, despois da guerra: as grandes potencias, constituidas a base d'apreixamentos nacionaes e d'anexiós vergoñosas, fenderonse cásque esnaquizada n'un retorno moi natural ás formas primitivas. O principio das nazionalidades, o dreito dos povos a se gobernaren de seu, impúxose en cásque tod'o mundo. Tres monarquías opóronse ainda ó recoñecemento d'aquelle axioma político: Inglaterra, Bélxica i-Hespaña. Aquesta, sóbre todo, tivo para os ideais nazionalistas un xeito de negativa ausoluta: o noso berro foi tan infortuoso com'as prediccions do deserto. E'indudábel que as nazionalidades ibéricas expresan as libres arelas de libertade. Os gobernos limitáñense a facérrense o xordo, todos falando da «unidad española».

Comprenderáse, porén, que a xente téñase cansado de facer propostas paternas que resultan inxénudas.

Moita «Hespaña grande» E Cataluña o que interesa. As mocedades catalanas síntense na hora d'agora *arredadas*. Os problemas d'Hespaña non abalan os azos; as nosas aixividades andan a desenrolaren en duas esferas: Cataluña i-o Mundo. Sen intermeiarios, a cultura catalana deviu un valor mundial. Os nosos libros, os nosos prestixos, a soa das nosas institucións, salvaron as fronteiras i-os mares. Mas todos nos coñecen: somentes en Madrí e no Marracos é onde conservan unha dodata ignoranza das cousas catalanas.

Namentres na Italia téñese criado unha cátedra de lingua catalana e nas revistas italianas publicáñense poemas en catalán, ainda hai castelao que estrañan o de que nosco persistamos no emprego d'un «idioma de radio dialectal». Homes moi intelixentes da Inglaterra, Alemaña, França, Italia, preparan antoloxías da poesía catalana moderna. Tamén propárase-

unha no castelao. Mas o tradutore catalanótilo no é hispanol: senon o ilusrite escritor peruano José Gálvez. Se non alarmen, pois, os centralistas impermeabéis.

Se a nosa cultura non ten penetrado na Castela, tampouco as nosas arelas políticas atoparon eco. Moita «Hespaña grande» pol-o mesmo. Un povo xeneroso, xúrdio, Irlanda, nos fai depredere que didante d'unha xordeira contina, hai argumentos millores que as parolas. Irlanda nos fai depredere que c'o heroísmo conquírese a libertade. A loita pol-a autonomía fixo tan fortes ós irlandeses, que agora sinten a necesidade inaplazabel de se constituiren en República independente e fixa.

Os catalás, as mocedades catalanas, ollan con ledicia o espetáculo exemplar. Xa teñen pasado á Hestoria aquelas porpagandas pol-a Hespaña grande: agora pénse somentes no futuro advenimiento d'unha Cataluña ceibe e forte.

TOMAS GARCES

(Traducido do catalán ó galego n'esta Redaición, namentres traducen do galego o catalán nas redaicións das revistas catalanas).

À XUVENTUD GALEGA

¡SURSUM...!

E unha escrava d-antigo; sempre fuches magullada. Orfa e pobre, non tiveche mais que feridas e bágoas.

De cote xunguida ó carro do centralismo da Hespaña, eres nos teus propios eidos como unha soma sin alma.

Crueldá, ineucia, torpeza, de ti fixeron un paria, sin qu'os fillos inconscentes do deber tiveran ansia.

Tan só lémbrese a Faraldo, que n-aquela noite tráxica contrá infame servidume ergueu baril a súa espada.

No ermo d'as almas mortas, deitemos a luz da causa que faga un povo de xentes d-unha moitedume escrava!

Galegos: A dinidade á vosa obriga vos chama; qu'ind'é millor morrer ceibe n-unha terra asoballada, que a cotío vela presa d-un ful león entr-as garras.

¡Sursum corda, xuventude, ó calor da idea santa!

PÍO DE NADAL

FOLLAS NOVAS

LIBROS E REVISTAS

CABANILLAS NA ACADEMIA GALEGA

Consagración oficial do que xa tiñamos todos nos nosos curazós polo meirande Poeta da nesa Terra, Coa soudura intuitiva da y-alina da Raza, Ramón teorizou de xeito relixioso a Saudade n'un discurso cheo da emoción mística do San Graal. Tema liricamente desenvolto na resposta por Eladio Rodríguez.

Pr'escoitalos, pr'eiscolitar a Rei Soto e a Marcelo Mácias, xuntouse en Mondariz o mais sinificado nas artes e nas letras de Galicia, e o ilustre patrício Enrique Peinador abriu a todos as suas portas coa manificencia d'un magnate italiano do Renacemento, como home amante da sua terra e que se folga na compañía dos espíritos escoleitos com'o seu.

Dianta da eirexa, á sombra d'un carballeiro, na intimidade d'unha tertulia dina da corte dos Médicis, dos Montefeltro ou dos Gonzaga, leeu Anton Vilar Ponte dous autos do *Mariscil*, a soberbia traxedia que il e mais Cabanillas están rematando, unha impresión inesquecible pr'os que escoitaren,

E o Museu Etnográfico, de Pías, e o Coro *Agarimos da Terra*, mostras do esforzo intelixente e incansable do Peinador, e a afirmación do Teatro galego pol-o Coro *De Ruada*, e sobre todo, o tono de distinción suprema das festas galegas de Mondariz...

Cabanillas rubiu ó estrado levando a rebelde chalina romántica ó pescoco. Nil un sino d'integrade, d'independencia poética moi aproposito pr'o auto sempre un pouco azarante de seder n'unha poltrona académica. Agás de qu'il ten peito e corpo ben barudo pra non sentir o peso d'os loureiros...

UN MANIFESTO FUTURISTA CATALÁN

J. Salvat-Passeit, Poetavanguardista catalán que xa conóceudeus todos, publicou primeiro manifesto catalán futurista *Contra els poetas amb minúscula* que eu dariavos inteiro, pro somentes podo faguer notacions instantáneas.

Duas ideas fundamentais, ó meu ver.

I. A condenación da cultura hispano-americana «gats de vi i inflits de veul»—que nos padecemos moito mais do que os catalás, nas revistas dos nosos centros do Novo Mundo—a condenación de Valle Inclán e Rubén Darío—que nos padecemos pola presión das publicacións madrileñas. Apoteose do verbalismo enchendo os espíritos provincianos que son os qu'eiqui falan castelán...

II. O concepto do Poeta como tipo de diaidade, d' independencia. Poeta ainda non escribindo versos, ainda non escribindo senon unha liña que súa seria un poema, poeta por alteiroso, por valente, por heroico, por sinxelo... Os catalás teñen andada a meta do camiño: nós mais qu'a eles temol a obriga de conservala nosa pureza, poetas ou non.

O agudo Tomás Garcés, comentou pra miñise manifesto n'unha carta, e di qu'espresa a esperanza do Poeta catalán que il chama Poeta Civil e eu chamaria Poeta Étnico.

Antre nós inda non saiu ningún d'estes manifestos. Inda ninguén s'estreveu nin xiéqua c'os galegos qu'escrivén en castelán, poetas con minúscula, minúsculos iles mesmos, a maoria.

NÉVEDA

Unha verdadeira novela galega: vida interior, sensibilidade entenrecida, gracia bucólica, cheiro d'herbas húmildes como nas páxinas más deliciosas de Francis Sam-

mes, cheiro de lameiros e de piñeirras; fabulación crara e sinxela, sentimentos enxebres, ideias eternas.

Eu non sei se a autora se propuxo isto efecto, mais, leendo a novela co-espirito aberto, sintese que o persoaxe principal d'ela é a Terra, qu'eli, sen qu'os hérois se dean conta, todo o dispon e o leva ó seu xeito. Mérito cecais invontario, pro verdadeiro

Estilo que se detén en cada corruncho da paixase, na coor de cada hora, en cada instante emocional, en cada perplexidade dos hérois coma se a autora tivera moito tempo por diante e dispuxera de moitas más páxinas; estilo cuidado coma na gran época dos Flaubert e dos Goncourt, Lingoa, de tan rica, difícil, precisa, expresiva, xusta, feita de verbas qu'arrescenden e de verbas qu'alomean: lingoa sabia á que poderán poor reparos os filólogos, pro qui é esteticamente indiscutible.

E'xa a novela adulta, de 250 a 300 páxinas, cando nós cáxeque non coñeciamos na nosa lingua senón a novela adolescente de pouco mais de cen.

LETRAS GALEGAS EN ERANCIA

O noso ilustre amigo Philéas Lebesgue pubrica na revista *Les Tablettes de Saint-Raphael* (Var) un lumiñoso artigo titulado *Poetes de Galice*, onde, logo de chamar a atención sobre do noso renacemento de dempois do 1900, traduz algunas estrofas de Cabanillas, Noriega e López Abente ós que dedica agudas e xustas verbas de loubanza. Traduz o *Via Crucis* de Cabanillas, *As frolinas dos toxos* de Noriega e *O Carreteiro* de López Abente.

Siñala n'estas verbas a aición das Irmandades: «As Irmandades da Fala axuntaron coraxosamente as resistencias contr'o Castelanismo, e intentaron metódicamente de volver á lingua de provincia o lugar que lle é debido en todolos dominios. Elas espallanse por todo o país, e a revista A NOSA TERRA, onde colaboran escritores portugueses, asegura a eficacia da sua propaganda». E mais adiante di: «a Galicia parecemos chamada a xogar na reconstrucción politeca da Península, un papel principal ó lado da Cataluña, y é isto o que os dirixentes de Madrid s'esforzan astuciosamente de prevenir, mentras Portugal por prudencia ten que faguer que inora as simpatías fraternas de qu'o fan oxeto pol-o lado galego».

Galicia debe un homenaxe de gratitud ó sabio escritor francés que d'iste xeito s'intresa pol-as nosas cousas, cecais irmán noso non saque de seguro na y-alma, poeta coma nós, e coma nós labrego.

Vicente Risco.

Ourense, vispora dos Remedios, 1920.

DO ERMO

Nas vidreiras das librerías temos ollado o libro d'este nome, do poeta galego Antonio Noriega Varela, qu'está moi ben imprimado n'Ourense. Editores foron os nosos queridos irmáns Risco, Losada e Noguerol. Estes notables galeguistas dan eisi un bó exemplo aos ricos da Terra. Predican con obras que son amores...

O libro «Do Ermo» por ser de Noriega, háse mercar moito. Axiña s'escotará.

Lea vostede
A NOSA TERRA

O DIPUTADO POR VEIRAMAR

NOVELA DE GONZALO LOPEZ ABENTE

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales librerías de Galicia.

Precio, 3 reás.

VÈNDESE:

NA CRUÑA, Ademiración «A NOSA TERRA», e IRMANADA DA FALA.—FERROL, Librerías de Comadira e de Gerardo Castro.

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCEORES

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marinha Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raiña) 21.—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeito e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16—VIGO

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Biazor)

J. SOUZA

SUCESOR DE LAFUENTE

SUCURSAL DO DEPÓSITO HIDROGRÁFICO

PAPELERÍA E LIBRERÍA

Ouxetos d'esquirtorio, Dibuxo e Pintura, Postaes, Aparatos de cencias, Artigos de coiro, Ouxetos pra regalos. Fotografiado, Tricromia e Catromia. Osteoloxia, Anatomía, Geoloxia, Historia natural. Grabado,

Cantón Pequeno, 13.—A CRUÑA

M. VILLUENDAS

IMPRENTA

IMPRÉNTANSE TODA CRAS DE TRABALLOS FINOS.

BETANZOS (CRUÑA)

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego e derradeiros adiantos.

Hotel Continental

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAN

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Servicio rápido por vapores-correios desd'a Cruña e Vigo cada tres semanas.

Linea d'América do Sur

Vapor correo rápido «LIMBURGIA»
Id. id. id. «BRABANTIA»
Id. id. id. «GELRIA»


Linea de Cuba-Méjico e Noya Orleans

Vapor correo rápido «HOLLANDIA»
Id. id. id. «FRISIA»
Id. id. id. «ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiro de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.
(A prazas teñen que solicitarán con anticipación)

Informará sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro,—Consinatario na Cruña e Vigo.





COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE
SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

PRÓXIMAS SAÍDAS PRA HABANA E VERACRUZ

Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)

		Habana	Veracruz
Pirmeira crase.	Ponte de paseo:		
	Camarotes de luxo	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. esteriores	> 1.668'75	1.753'45
	Ponte superior:		
	Camarotes esteriores	> 1.498'75	1.593'75
	Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	Ponte inferior	> 1.295'75	1.378'75
		> 1.103'75	1.088'75
		> 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE.		> 328'60	343'60

O dia fixo de saída anunciarase oportunamente.

O pasaxeiro que deseñe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastha que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservon a praza. Os emigrantes e todos os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda clas d'informes sóber de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario.

D. NICANDRO FARIÑ — Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo.



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS AIRES.

Proximas saídas por acretados vapores correios a gran velocidade.

Admite pasaxeiros de cámara e 3.^a crase.

Prezo do boleto de TERCEIRA CRASE Pesetas 374'60.—Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.—De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas polos seus maridos, non poden embarcarem pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Axencia un certificado PRUEBAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitindolle o desembarcaren na REPUBLICA ARGENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorización, nin poderes ante os Cónsules españoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicione e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que prestaron o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vayan acompañados da sua familia.

O dia da saída anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xenerales en España.

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Janeiro, Santos. Montevideo e Bos-Aires

O dia 30 de Agosto, saira da Cruña o paquete correio

SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Río Janeiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase . . . Ptas.	1.072'25	1.116'25	1.336'25	1.380'25	1.580'25	1.556'25
En segunda crase . . . >	793	815	859	881	947	1.035
En segunda intermedia . . . >	628	628	628	628	628	628

Prezo do pasaxe en 3.^a crase a Brasil, Montevideo y Bos-Aires, (incruidos impostos) **Pesetas 359'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPAÑÍA (S. C.) Praza d'Ourense 2 B e Feixón 2.—A Cruña.